

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE XANEIRO DE 2015**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

#### **LIC/1616/2014.- CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN**

**UNIVERSITARIA.-** Autorizar a licenza para executar as obras de ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Monte dos Postes sito na rúa Fontiñas nº 79.

**LIC/450/2014.- JESÚS MANUEL GONZALEZ SANMARTIN.-** Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e outorgar licenza para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito no núm. 8 da Avda. de Lugo desta cidade.

**LIC/530/2014.- JULIO IGLESIAS IGLESIAS.-** Autorizar a licenza para a construción dun galpón de uso agrícola no lugar de Vilacova, 8 Aríns.

**LIC/356/2014.- CONSORCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Autorizar a licenza para executar as obras de saneamento horizontal do Cemiterio do Rosario sito na rúa Bonaval desta cidade.

**LIC/508/2013.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.-** Autorizar a licenza para executar as obras de reforma de dous ocos de ventá na Torre Norte da catedral de Santiago de Compostela sita na Praza do Obradoiro.

#### **PARCELACIÓNS.-**

#### **LIC/783/2014.- JOSÉ MARÍA IGLESIAS SÁNCHEZ, ISABEL SÁNCHEZ VIAÑO, JUAN**

#### **MANUEL IGLESIAS SÁNCHEZ, MARIA ISABEL IGLESIAS SÁNCHEZ E MERCEDES**

**IGLESIAS SÁNCHEZ.-** Autorizar a licenza para agrupar e simultaneamente parcelar unhas parcelas sitas na rúa Torreira de Arriba nº 20-22

#### **RENUNCIA.-**

**LIC/621/2008.- CONSTRUCCIONES RUA FER, S. A.-** Aceptar a renuncia á licenza que lle fora outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago, de sesión do 7 de setembro de 2010 para a construción dun edificio de 64 vivendas, locais, garaxes e trasteiros, na parcela nº 4 do SUNP-14 de Tras Paxonal e declarar extinguida para tódolos efectos a licenza no seu día concedida.

**1.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Monte dos Postes, sito na rúa Fontiñas, nº 79. (LIC/1616/2014).**

A solicitude presentada vai dirixida á construción dunha nova edificación anexa á actual, de dúas plantas, composta por unha planta baixa de 152 m<sup>2</sup> de superficie útil, unha primeira de 151 m<sup>2</sup> e unha segunda de 9 m<sup>2</sup>. de superficie útil, que se destina a distribuidor e acceso ao espazo baixocuberta. En total, unha superficie construída de 538 m<sup>2</sup> e útil de 312 m<sup>2</sup>. O orzamento de contrata é de 390.674 euros.

**2.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible para autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e outorgar licenza para a instalación dun ascensor no edificio de vivendas sito nº 8 da Avda. de Lugo. (LIC/450/2014).**

**3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para a construción dun galpón de uso agrícola no lugar de Vilacoba, 8-Aríns. (LIC/530/2014).**

**4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de saneamento horizontal do Cemiterio do Rosario, sito na rúa Bonaval. (LIC/356/2014).**

**5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de dous ocos de ventá na Torre Norte da catedral de Santiago, sita na Praza do Obradoiro. (LIC/508/2013).**

Acordouse a concesión de catro licenzas:

Unha primeira para a instalación dun ascensor nun edificio de vivendas da Avda. de Lugo (nº 8), que irá instalado no oco das escaleiras, coa particularidade de que foi preciso declarar a excepcionalidade desta actuación por parte do Concello –tal e como recolle o Decreto autonómico de habitabilidade de vivenda-, tendo en conta a antigüidade do inmovible e a imposibilidade de cumprimento da actual normativa.

Unha segunda licenza concedida é para un galpón de uso agrícola no lugar de Vilacova, da parroquia de Aríns, cunha superficie de 40 m2.

A terceira concedéuselle ao Consorcio de Santiago para obras de saneamento horizontal no cemiterio do Rosaria, na rúa de Bonaval, cun orzamento de execución de 3.093 euros. Trátase de solucionar o defecto de deseño e a insuficiencia de caudal desta rede cunha actuación que, entre outras melloras contempla o aumento da sección das novas tubaxes e un novo pozo de saneamento, a executar no período de 1 mes.

A cuarta licenza é para a Fundación Catedral de Santiago que vai realizar unha pequena obra complementaria do proxecto de rehabilitación da fachada do Obradoiro que se está executando actualmente, por importe de 1,7 millóns de euros.

A nova obra, na que está previsto investir 28.913 euros, ten por obxecto reformar dous ocós de ventá na torre norte da Catedral, que foran abertos no século XIX para substituír a dúas ventás medievais que quedaran cegadas na construción da torre barroca.

A actuación que se vai acometer vai reconfigurar eses ocós para adaptar a súa xeometría á fábrica medieval na que se insiren e tamén a reconducir os cableados que por aquí pasaban por un lugar máis axeitado no interior da torre.

**6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para agrupar e simultaneamente parcelar unhas parcelas sitas na rúa Torreira de Arriba, nº 20-22. (LIC/783/2014).**

Autorizouse o agrupamento de dúas parcelas na rúa Torreira de Arriba (nº 20 e 22) e a parcelación simultánea da superficie obtida (3.773 m2) en tres novas parcelas, de 1.791 m2, 810 m2. e 1.172 m2.

**7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de renuncia á licenza outorgada para a construción dun edificio de 64 vivendas, locais, garaxes e trasteiros, na parcela nº 4 do SUNP-14 de Tras Paxonal e declarar extinguida para todos os efectos a licenza no seu día concedida. (LIC/621/2008).**

Por proposta de Construcciones Ruafer, S.A., aceptouse a renuncia á licenza concedida polo Concello en setembro de 2010 para a construción dun edificio de 64 vivendas, locais, garaxes e trasteiros, na parcela nº 4 do SUNP-14 de Tras do Paxonal, quedando declarada extinguida a citada licenza para todos os efectos.

**8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto corrixido de reparación, conservación e mantemento da rúa Teresa Jornet e anexas, incluído no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial da Coruña. (POS 2015).**

Aprobouse un proxecto corrixido, correspondente a unha das obras propostas á Deputación para a súa inclusión no Plan Provincial de Cooperación, atendendo ao requirimento do organismo provincial para que se incluíran nel o detalle de dúas cuestións, conforme ao contido do Regulamento da Lei de Contratos do Sector Público.

Logo de corrixidas esas circunstancias e aprobado novamente o proxecto, remitírase á Deputación para a súa inclusión no citado Plan.

**9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á convalidación de Resolucións relativas ao inicio e resolución dun expediente sancionador pola infracción do artigo 66 da ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria.**

A Xunta de Goberno acordou convalidar as resolucións ditadas para o inicio e resolución do expediente sancionador a un gandeiro do lugar de Reboredo, na Sionlla, por unha infracción da Ordenanza de Convivencia, Residuos e Limpeza Viaria.

**10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento urbano e Sostible relativa á adxudicación e autorización do uso das hortas municipais de Belvís de Abaixo.**

Logo de avaliar as solicitudes presentadas e de realizado o sorteo para a adxudicación e autorización do seu uso, elaborouse a relación das 26 persoas que poderán utilizar as parcelas, así como a lista das 37 persoas de agarda no caso de que se produza algunha renuncia.

## **RELACIÓN DE ADXUDICATARIOS**

<b>HORTA</b>	<b>NOME</b>
E1	Mateo Blanco Loimil
E2	M <sup>a</sup> Esther Sánchez González
E3	Julio Esteban Morra
E4	M <sup>a</sup> Teresa Barreiro Barca
E5	Elisa González Rosendo
E6	Raquel Mariño Pernas
E7	Mercedes Vaamonde Balado
F8	Manuel Gómez Rodríguez
F9	Pablo Sánchez Grela
F10	María García Chao
F11	M <sup>a</sup> Mar Piñeiro Sobrido
F12	Noa Pérez González
F13	M <sup>a</sup> Carmen Villar Alonso
F14	Danielle Fox
F15	Mario Martínez Armesto
G16	Luis Carlos Villaronga Porto
G17	Henrique González Martínez
G18	José Victor García Suárez
G19	Nieves Veiga López
H20	Pablo Dios Oliveira
H21	Andrés Perujo Ramos
H22	Ramón Francisco López Rocha
H23	Carmen Guillín Gendre
H24	M <sup>a</sup> Alberta Agrelo Roca
H25	Josefa Mercedes Pazos Ferro
H26	M <sup>a</sup> Carmen Lamela Fiúza

### **LISTA DE ESPERA DE USUARIOS**

<b>Nº</b>	<b>NOME</b>
1	Manuel Soto Regueira
2	Urko Ortiz de Felipe
3	Pilar Fernández Pazos
4	Verónica Guntín Miranda
5	Iván Arceo Serrano
6	Manuel Rey Rey
7	Ana Pampín Alfonso
8	M <sup>a</sup> Luz Barreiro Neira
9	José Manuel Couselo Ferro
10	Inés Sarceda Rodríguez
11	José Luis López Quián
12	Manuel Blanco Rey

13	Emilia Asorey Sánchez
14	Eva M <sup>a</sup> Remo Casal
15	M <sup>a</sup> Rosario Quinteiro Chaparro
16	Benito de la Cruz Municio Díaz
17	Ana M <sup>a</sup> Iglesias Cao
18	Carlos Fernández Mosquera
19	M <sup>a</sup> Adoración Veiga Álvarez
20	Teodoro Cezón Hurtado
21	Aida Rodríguez Domínguez
22	Verónica Rodríguez Prieto
23	Francisco José Ríos Martínez
24	M <sup>a</sup> Magdalena Rodríguez Domínguez
25	Arturo Vilariño Quinteiro
26	Rafael Estévez Lado
27	Sofía Rozados Pereira
28	Teresa Veiga Lorenzo
29	Rocío García Carregal
30	Florencia Maffeo Moreno
31	Alicia Ferreira Fernández
32	Silvana Verónica Lameiro Micciche
33	M <sup>a</sup> Liana Ramos Guallart
34	Pedro Adolfo Barreiro Abal
35	Emma Amy Colquhoun
36	David González Iglesias
37	Manuel Vilas López

**11.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do texto do convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia, Axencia para o modernización tecnolóxica de Galicia e o Concello de Santiago para compartir as infraestructuras de telecomunicacións.**

A Xunta de Goberno tamén autorizou o texto dun convenio marco a subscribir entre o Concello, a Xunta de Galicia e a AMTEGA para facer un uso compartido das instalacións de telecomunicacións das que as dúas Administracións son titulares no termo municipal.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Emprego, Turismo e Mercados, relativa á prórroga da autorización da ocupación da vía pública para a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda ata o 15 de febreiro de 2015 (inclusive).**

Acordouse concederlle a prórroga ata o 15 de febreiro á instalación da pista de patinaxe sobre xeo da empresa Invernalía Ice Park, S.L., na Alameda, conforme á posibilidade xa contemplada na cláusulas do propio contrato.

**13.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á anulación do procedemento de contratación CON/18/2014.**

**14.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade relativa á apertura procedemento de adxudicación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación de sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago.**

**15.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Seguridade e Mobilidade relativa á continuación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación de sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago.**

Conforme á resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais acórdase a anulación do procedemento de contratación do “Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico”, así como a devolución da garantía definitiva e as taxas depositadas pola empresa que fora declarada adxudicataria.

En consecuencia, tamén se acorda a apertura dun novo procedemento de adxudicación, aberto e de tramitación ordinaria para licitar novamente este servizo, cun tipo de licitación de 504.339 euros/ano por un período de catro anos. Por último, tomouse o acordo de prorrogar a continuación deste servizo, por parte da empresa que o viña prestando ata o de agora, mentres non se formalice a nova adxudicación mantendo as mesmas condicións contractuais ata un máximo de seis meses. A prestación rematará cando se asine a acta de inicio do novo contrato

**16 a 65.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, na taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal.**

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 50 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións, 48 referidos ao incremento do valor dos terreos de natureza urbana, 1 para a exención de taxas de saneamento, depuración e recollida de lixo e outro sobre bonificación de taxa polo uso privativo e aproveitamento do dominio público municipal.

**66.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Emprego, Turismo e Mercados, relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde de 23 de decembro de 2014, para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015.**

Aprobouse a solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar para accións de información, orientación e busca de emprego, por un importe de 20.000 euros, con destino a cofinanciar as retribucións de persoal contratado para os labores de orientación laboral.

**67.- Recurso presentado pola Plataforma Cidadá "Defender o público-salvemos a Casa da Xuventude" o 31.12.14.**

A Xunta de Goberno acordou non admitir o recurso presentado o 31 de decembro pola Plataforma Cidadá “*Defender o Público - Salvemos a Casa da Xuventude*”, fundamentándose nos informes da Asesoría Xurídica e dos departamentos de Contratación e Servizos Comunitarios e de Desenvolvemento Urbano Sostible, motivado na carencia de lexitimación activa para a interposición do recurso e na improcedencia dun recurso administrativo contra unha disposición de carácter xeral, como é o acordo plenario adoptado por unanimidade o 28 de xuño de 2012.

Cómpre ter en conta que contra aquel acordo plenario, acadado por unanimidade hai máis de dous anos e medio, cabía a posibilidade de recurso administrativo ordinario, que non foi exercida no prazo legalmente establecido.